

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 9, 22-25

Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

– «Cómpre que o Fillo do Home padeza moito, que o rexeiten os anciáns, os sumos sacerdotes e mais os letrados, e que o executen, e que ó terceiro día resucite».

Despois dirixiuse a todos:

– «Se alguén me quere seguir, que renuncie a si mesmo, que cargue coa cruz de cada día, e que me siga.

Pois o que queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen perda a súa vida pola miña causa, ese poñeraa a salvo.

Pois ¿de que lle serve ó home gañar o mundo enteiro, se el se perde ou arruína?»